



XUNTA
DE GALICIA



Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020

1. O papel das linguas estranxeiras na sociedade.

A aprendizaxe das linguas estranxeiras desde idades temperás enmárcase no “Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación” (MCERL) impulsado polo Consello de Europa, que establece un marco xeral con 6 niveis lingüísticos.

USUARIO
COMPETENTE

C2
MESTRÍA

C1
DOMINIO
OPERATIVO EFICAZ

USUARIO
INDEPENDIENTE

B2
AVANZADO

B1
SOLEIRA

USUARIO
BÁSICO

A2
PLATAFORMA

A1
ACCESO

O sistema educativo exerce de plataforma universal no ámbito do coñecemento e da aprendizaxe de idiomas estranxeiros favorecendo:

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Independentemente da situación económica ou social do alumno.

DEMOCRATIZACIÓN

Contribúe á democratización do ensino das linguas estranxeiras.

OPORTUNIDADES DE FUTURO

Que o alumnado adquira maiores competencias e, polo tanto, teñan maiores oportunidades de futuro.

INTERNACIONALIZACIÓN

Favorecendo, en definitiva, unha maior internacionalización do ensino galego, aberto ao mundo.

2. Balance do **Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras**

(desde o curso 10/11 ata o 16/17)

Guiados polos principios de democratizar o ensino de idiomas e de abrir portas de futuro para a nosa mocidade, a Consellería de Educación puxo en marcha no curso 2010/11 o Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras. **Seis cursos despois, este é o balance:**



RESULTADOS CUANTITATIVOS

75%

CENTROS NO PLAN

Hoxe, máis do 75% dos centros sostidos con fondos públicos con ensino obrigatorio son centros plurilingües ou teñen seccións bilingües.

x6

Nº DE SECCIÓNS BILINGÜES

Multiplicouse por seis o número de seccións bilingües: pasando de 720 a 3.914, con 55.000 alumnos/as beneficiarios/as.

100.000

ALUMNOS

Preto de 100.000 alumnos beneficianse do plan (4 de cada 10).

504

AUXILIARES DE CONVERSA

O número de auxiliares de conversa multiplicouse por 7'5: de 67 aos 504 actuais. Galicia é unha das autonomías con mellor ratio auxiliar/alumno.

282

CENTROS PLURILINGÜES

Hai 282 centros plurilingües, que chegan a 40.000 alumnos.

x2

PROFESORES CO B2

Duplicouse o número de docentes con certificación B2 ou superior.

RESULTADOS CUALITATIVOS

Fonte: XADE

MELLORA XERAL DE RESULTADOS

A mellora de todos os centros nos seus resultados nos diferentes ámbitos –lingüísticos e non lingüísticos– tivo especial incidencia nos centros plurilingües e con seccións bilingües. Neste contexto, os centros plurilingües no período 2011-2016 duplicaron os resultados de mellora do resto dos centros.

x2

x2

ÁMBITO LINGÜÍSTICO

No ámbito lingüístico (lingua estranxeira, galego e castelán), a mellora dos centros plurilingües tamén duplicou ao do resto de centros.

EN INGLÉS

A mellora dos resultados en inglés dos centros plurilingües duplicou á do resto: 0,99 puntos fronte a 0,53 puntos dos outros centros.

x2



SATISFACCIÓN

O 93% dos centros plurilingües ou con seccións bilingües móstranse altamente satisfeitos con estes programas.

3. Novo impulso ao ensino de linguas estranxeiras

O sistema educativo galego inicia o horizonte 2020 cunha boa base de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras, pero é preciso dar un **NOVO IMPULSO**, un **DOBRE SALTO** cuantitativo e cualitativo.



01. DOMINIO DA LINGUA

Un novo impulso para que a mocidade poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira.



02. RETOS PRESENTES E FUTUROS

Un novo impulso para seguir adaptando as aulas galegas aos retos presentes e vindeiros, que necesariamente pasan pola destreza dunha lingua franca (o inglés).



03. REVERTER NA SOCIEDADE


Un novo impulso para que a educación plurilingüe reverta na sociedade de xeito paulatino: actualmente, Galicia ten un nivel alto de inglés, ocupando o sétimo posto no territorio nacional*.



04. EMPREGABILIDADE

Un novo impulso, en definitiva, que favorecerá a empregabilidade dos mozos e das mozas e, así mesmo, promoverá unha maior competitividade no sector empresarial neste mundo global.

4. QUE É EDULINGÜE?



01. APRENDIZAXE INTEGRAL

O alumnado aprenderá unha lingua estranxeira (nomeadamente o inglés) de xeito integral: desde que o alumno entra na escola ata que remata o ensino non universitario, con continuación tamén na Universidade.



02. DOMINIO EXTENSIVO

Un dominio completo dunha primeira lingua estranxeira ao remate do bacharelato.



03. CERTIFICACIÓN DO NIVEL DE LINGUA

Máis adquisición de competencias por parte do alumnado, que terá mecanismos e facilidades para certificar o seu nivel de lingua estranxeira.



04. MÁIS AMPLA OFERTA

Unha maior e máis especializada oferta educativa plurilingüe, impulsando tamén o idioma portugués no marco das accións da estratexia.




05. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Máis formación do profesorado tanto no territorio nacional coma no estranxeiro.



06. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Máis participación das familias, co obxectivo de xerar un efecto multiplicador e en fervenza da aprendizaxe de linguas.



5. Eixes de actuación de EDUlingüe

A nova Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras ata 2020 actuará ao mesmo tempo nos catro piares que conforman o sistema educativo:



OS CENTROS EDUCATIVOS

- Etapa Infantil: **Estrela Plurinfantil**
- Etapa FP: **Estrela PluriFP**
- Bacharelato de Excelencia en idiomas: **Estrela PluriBach**
- A Universidade



O ALUMNADO



O PROFESORADO



AS FAMILIAS

5.1 OS CENTROS EDUCATIVOS

Máis oferta e máis especialización

O obxectivo é alcanzar en 2020 que o 100% dos centros sostidos con fondos públicos de ensino obrigatorio participen na estratexia, **logrando que o 50% (uns 500) sexan plurilingües**. Para iso:

1

EDUCACIÓN INFANTIL

A ensinanza plurilingüe estenderase á educación infantil: o obxectivo é lograr **280 centros plurilingües** con esta extensión.

2

FORMACIÓN PROFESIONAL

A ensinanza plurilingüe tamén se ampliará á formación profesional, creando **90 centros plurilingües** en FP, e plurilingüismo en Ensinanzas Artísticas e Deportivas.

3

BACHARELATO

Crearase o Bacharelato de Excelencia en Idiomas, co fin de ter **40 centros** con este bacharelato en 2020.

4

SECCIÓNS BILINGÜES

Máis seccións bilingües (**600 novas**, ata un total de 4.514) e maior inmersión, con ata o 100% da docencia nalgunha lingua estranxeira:

- ▶ Favorecerase a incorporación de novas linguas emerxentes (chinés, ruso...).
- ▶ Promoverase a posta en marcha de seccións nas materias de libre configuración, adaptadas á realidade social e novos retos.

5

AUXILIARES CONVERSA

Duplicarase o número de auxiliares de conversa e profesorado visitante, **pasando dos 504 actuais aos 1000 previstos**:

- ▶ Aumentarase a presenza de persoas nativas de apoio á aprendizaxe de idiomas ata o 100% dos centros de ensino obrigatorio e centros FP con proxecto plurilingüe.
- ▶ Auxiliares con diversidade de perfís: especialistas nas materias, por etapas ou liñas como a innovación, a atención á diversidade...
- ▶ Auxiliares en novas linguas estranxeiras emerxentes (chinés, ruso...).

6

ESCOLAS OFICIAIS IDIOMAS

Impulso ás Escolas Oficiais de Idiomas:

- ▶ Ampliación dos niveis C, especialmente en inglés, francés e portugués.
- ▶ Ampliarase a rede de seccións de EOI.
- ▶ Farase especial fincapé nos programas específicos de formación do profesorado.
- ▶ Introduciranse bonificacións nas taxas para o alumnado ao remate de cada ciclo.



CENTROS PLURILINGÜES NAS ETAPAS	AGORA (2016-17)	CON EDULINGÜE
Educación infantil 3-6 anos	NON	SI
Educación primaria	SI	SI
Educación secundaria obrigatoria	SI	SI
Bacharelato	-	SI, de Excelencia
Formación profesional, ensinanzas artísticas e deportivas	NON	SI
Universidade	NON	SI



QUEN PODE PARTICIPAR?

Os centros plurilingües de primaria sostidos con fondos públicos que amplían a Infantil ou os de nova incorporación. Recibirán unha estrela que acreditará que estenden o modelo plurilingüe a infantil: Plurinfantil.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dispoñerán de actividades extraescolares e complementarias organizadas polo centro como charlas, obradoiros ou proxectos para potenciar a aprendizaxe.



AUXILIARES DE CONVERSA

Dispoñerán do apoio de auxiliares de conversa con maior horario (**mínimo 16 horas fronte ás 12 actuais**) e con perfís máis específicos.



RECURSOS EXTRA

Dotación de recursos extra aos centros (bibliotecas, materiais docentes...).



ATA 1/3 IDIOMA ESTRANXEIRO

O alumnado cursará áreas curriculares ata 1/3 no idioma estranxeiro, cun enfoque metodolóxico desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo.



PROFESORADO NIVEL B2

O profesorado que imparta as materias deberá ter como mínimo o nivel B2 ou equivalente.



FORMACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado terá plans específicos de formación.



COBERTURA DAS PRAZAS

Garantía da cobertura das prazas por profesorado coa adecuada capacitación.





QUEN PODE PARTICIPAR?

Os centros con ciclos formativos plurilingües recibirán unha estrela que acreditará que estenden o modelo plurilingüe a FP: PluriFP.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dispoñerán de actividades complementarias de afondamento no idioma.



CERTIFICACIÓN

O alumnado dispoñerá de formación específica orientada para certificar o nivel B1, B2 ou superior.



AUXILIARES DE CONVERSA

Dispoñerán do apoio de maior número de auxiliares de conversa con maior horario (mínimo 16 horas) e con perfís máis específicos.



RECURSOS EXTRA

Dotación de recursos extra aos centros (bibliotecas, materiais docentes).



ATA 1/3 DO CICLO NO IDIOMA ESTRANXEIRO

O alumnado cursará ata un 1/3 do ciclo formativo no idioma estranxeiro.



PROFESORADO NIVEL C1

O profesorado que imparta os módulos deberá ter o nivel C1 ou equivalente.



FORMACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado terá plans específicos de formación no centro.



COBERTURA DAS PRAZAS

Garantía da cobertura das prazas por profesorado coa adecuada capacitación.





QUEN PODE PARTICIPAR?

Os centros que xa ampliaron o plurilingüismo a esta etapa ou os de nova incorporación recibirán unha estrela acreditativa: Pluribach.



MATERIA EXTRACURRICULAR

Cursarán algunha materia extracurricular semanal (dúas/tres horas) de afondamento no idioma, co fin de favorecer a **habilidad de expresión** e comunicación. O horario, en lugar de 32 períodos lectivos, pasa a 34/35.



CERTIFICACIÓN

O alumnado dispoñerá de formación específica orientada para certificar o nivel B2 mediante as EOI ou entidades certificadoras.



AUXILIARES DE CONVERSA

Dispoñerán do apoio de auxiliares de conversa con maior horario (mínimo de 16 horas fronte ás 12 actuais) e con perfís máis específicos.



RECURSOS EXTRA

Dotación de recursos extra aos centros (bibliotecas, materiais docentes).



ATA 1/3 IDIOMA ESTRANXEIRO

O alumnado cursará materias curriculares ata 1/3 no idioma estranxeiro.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dispoñerán de actividades complementarias organizadas polo centro como charlas, obradoiros ou proxectos cunha duración de 40 horas ao longo dos dous cursos e fóra do horario ordinario.



PROFESORADO NIVEL C1

O profesorado que imparta os módulos deberá ter o nivel C1 ou equivalente.



FORMACIÓN DO PROFESORADO

O profesorado terá plans específicos de formación no centro.



COBERTURA DAS PRAZAS

Garantía da cobertura das prazas por profesorado coa adecuada capacitación.

A UNIVERSIDADE

Do mesmo xeito que o sistema educativo se debe entender como un conxunto integral, **o modelo plurilingüe galego dá agora un paso máis ao estar presente en cada un dos cursos** da vida escolar do alumnado, tanto na etapa non universitaria como universitaria.

O **Sistema Universitario de Galicia (SUG)** ofrecerá, nun horizonte próximo:



GRAOS EN INGLÉS



MÁSTERS EN INGLÉS (algúns xa en marcha)

A introdución do inglés como lingua vehicular no ensino universitario favorecerá a **internacionalización** do sistema, a **mobilidade** do alumnado galego, así como a **captación de estudantes e de talento investigador** procedente do estranxeiro.





5.2 O ALUMNADO

Máis oportunidades, máis futuro

Unha maior e máis especializada oferta educativa plurilingüe favorecerá, en consecuencia, unha maior adquisición de destrezas lingüísticas por parte do alumno. Esta ampla competencia lingüística do alumnado transformarase en maiores oportunidades profesionais, maior inserción laboral e, en definitiva, mellor calidade de vida.

O obxectivo é que **200.000 mozos e mozas**, o 100% do alumnado de ensino obrigatorio, se beneficien da nova estratexia. Para iso:



CERTIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO AO FINAL DA ETAPA

Estableceranse **procedementos específicos para certificar ao alumnado dos centros plurilingües ao final de cada etapa**, a través das EOI ou mediante entidades estranxeiras certificadoras:

- ▶ Ao remate da **ESO** nun centro plurilingüe: o obxectivo é que o alumnado certifique, como mínimo, un nivel B1.
- ▶ Ao remate do **bacharelato** de excelencia: o obxectivo é que o alumnado certifique un nivel B2.
 - Ata agora, un alumno que remata bacharelato acredita nivel A2.
 - A partir de agora, o alumnado dos centros con estrela Pluribach superará o nivel requirido na Universidade para titularse nun grao.



PROGRAMAS FORMATIVOS DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA

Ofertaranse prazas en **programas formativos de inmersión lingüística durante o verán e ao longo do curso (English Week)**

- ▶ Poñeranse en marcha actividades de integración no estranxeiro dun mes de duración.
- ▶ Favoreceranse actividades de mobilidade no marco do proceso de internacionalización dos centros e en relación coas familias. Convocatorias específicas de axudas complementarias aos centros.
- ▶ Realizaranse actividades extraescolares de inmersión en inglés en materias como Robótica, Programación...



5.3 O PROFESORADO

Máis formación

A nova estratexia permitirá que o 30% do profesorado galego poida lograr unha certificación C1 ou equivalente. Para iso:

Ofertarase un **plan de formación específico** sobre linguas estranxeiras

+IDIO +2020



01. PLANS DE FORMACIÓN

Deseñarase unha liña específica sobre linguas estranxeiras nos Plans de Formación Permanente en Centros.



02. PROGRAMAS DE APRENDIZAXE

Ampliaranse as prazas nos programas de aprendizaxe de idiomas tanto no ámbito nacional como no estranxeiro.



03. MOBILIDADE E INTERCAMBIOS

Favorecerase a mobilidade e intercambios entre profesionais e centros no marco do proceso de internacionalización.



04. ACORDOS INSTITUCIONAIS

Impulsaranse acordos institucionais con **entidades estranxeiras certificadoras**.



05. CURSOS DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

Facilitarase a certificación específica en idiomas para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos a través dos cursos das EOI.



XUNTA
DE GALICIA

EDUlingüe
Escuela Oficial de Idiomas 2020





5.4 AS FAMILIAS

Máis participación

Unha maior implicación das familias no proceso de ensino plurilingüe favorecerá unha transmisión de coñecementos en fervenza, que xerará un efecto multiplicador máis alá da escola. Para iso:



ESCOLAS DE NAIS E PAIS

Deseñase unha liña específica de acción para Escolas de Nais e Pais para o acompañamento nos programas de plurilingüismo.



ACTIVIDADES DE INTERCAMBIO

Impulsaranse actividades de intercambio internacionais entre centros coa participación das familias.



PLATAFORMA DIXITAL

Crearase unha plataforma dixital de recursos que favoreza a integración e seguimento do programa en familia (EdulingüeNET).



XUNTA
DE GALICIA

EDUlingüe
Escuela Europea de Idiomas Externos 2021





XUNTA
DE GALICIA



Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020